

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E ASOCIACIÓN ECOS DO SUR PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN, ATENCIÓN E APOIO A VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL E TRATA, PREFERENTEMENTE INMIGRANTES, RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, a entidade Asociación Ecos do Sur (CIF G15354483), representada neste acto por dona María Lareo Fernández, que actúa en nome e representación da Asociación Ecos do Sur, en virtude do acordo da Asamblea Extraordinaria de Socias/os do 28 de outubro de 2017.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo.

Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle no seu artigo 3 que tanto a violencia sexual como a trata de seres humanos con fins de explotación sexual son formas de violencia de xénero.





Ademais, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

E no seu artigo 7.2 dispón que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Cuarto

Que a proporción de mulleres estranxeiras en España vítimas de violencia de xénero, e especificamente de violencia sexual e trata, ao igual que a proporción de agresores estranxeiros supón unha sobre-representación respecto ao peso demográfico de mulleres e varóns estranxeiros en España.

Quinto

Que entre as causas que axudan a analizar a orixe desta situación atópanse por un lado as referencias sobre a desigualdade entre homes e mulleres máis manifestas nalgúns dos lugares de procedencia dunha parte da poboación estranxeira, o que motiva que o recurso á violencia se revista de lexitimidade e normalidade para os agresores, e tamén para as vítimas, e por outro, as especiais circunstancias nas que se atopan en moitas ocasións as mulleres estranxeiras, o que orixina unha inseguridade e dificultade superior á das mulleres españolas á hora de romper coa espiral de violencia.

Sexto

Que a entidade Ecos do Sur está inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-835, e forma parte da **Rede Galega contra a Trata**.

A dita entidade ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes.

Sétimo

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención, sensibilización da violencia sexual e trata, así como na atención e apoio ás vítimas desta violencia, preferentemente inmigrantes, coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración, a través de entidades que contan con profesionais con formación e experiencia específica nesta materia, como é o caso das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata.





Coa sinatura deste convenio de colaboración trátase de impulsar accións diferentes ás recollidas na Resolución do 22 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral con estas vítimas, accións que pola natureza dos fondos que financian a Resolución mencionada (FSE), non poden ser obxecto de financiamento, dada a natureza dos fondos FSE, que esixe a identificación nominativa de cada unha das mulleres participantes nos ditos proxectos de atención social integral.

Os fondos que sufragan o presente convenio de colaboración recíbense na CCAA de Galicia ao abeiro da Conferencia Sectorial de Igualdade 2020 (fondos finalistas do Estado), que prevén expresamente o apoio a mulleres inmigrantes e vítimas de violencia sexual pois os contextos nos que viven e nos que son detectadas moitas das vítimas de trata e explotación sexual, clubs, pisos ou rúa, imposibilitan na meirande parte das ocasións, a súa identificación, ao que se engade a situación administrativa irregular na que se atopan moitas delas, o que as coloca en situación de máxima vulnerabilidade que lles impide o acceso a servizos normalizados, tanto de información como de apoio e atención, incluídas axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais (alimentación, vivenda ou gastos médicos).

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a entidade Ecos do Sur, para o desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención así como de atención e apoio a vítimas de violencia sexual e trata, preferentemente inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade principal é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia sexual, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante, así como prestar atención e apoio directo ás vítimas, incluídas axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais.

SEGUNDA.-COMPROMISOS DAS PARTES.

a) A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización sobre violencia de xénero dirixido a mulleres inmigrantes preciso á entidade Ecos do Sur, así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta das actuacións de prevención , sensibilización,



atención e apoio con este colectivo.

b) A entidade Ecos do Sur comprométese a desenvolver accións específicas de información, sensibilización, prevención da violencia sexual e trata, e atención e apoio ás súas vítimas, preferentemente inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA .- ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará á entidade Ecos do Sur a cantidade máxima de catro mil euros (4.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.1 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A entidade Ecos do Sur destinará as achegas feitas pola Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, a sufragar os gastos correntes derivados das accións desenvolvidas no marco deste convenio.

De non xustificaren o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a súa finalidade, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- b) Un exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro do convenio, nos que deben figurar os logos da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e do Ministerio de Igualdade.
- c) Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- d) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

A xustificación do pagamento farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc., no caso de pagamento; no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarase a este a copia do extracto bancario onde figure o cargo en





conta do dito cheque) en que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

Dada a especial vulnerabilidade e situación das persoas destinatarias finais (víctimas violencia sexual, preferentemente inmigrantes) aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín, que terá carácter excepcional, e só será admisible para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

Ademais a xustificación das axudas económicas concedidas acreditarase cunha certificación da entidade por cada persoa beneficiaria, na que se faga constar que os ditos gastos foron realizados pola entidade con cargo a este convenio e que incluírá os datos da persoa ou persoas beneficiarias da axuda, o importe da axuda e a finalidade da dita axuda.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas consideraranse xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

e) Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

f) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 15 de decembro de 2020, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 17 de decembro de 2020. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

QUINTA.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes





efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SEXTA. Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

SÉTIMA. OBRIGAS

No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a entidade Ecos do Sur, adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa



aplicable:

- a) Non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade-Consellería de Emprego e Igualdade e o Ministerio de Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Xunta de Galicia e do Ministerio citado
- b) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- c) A cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- d) A comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- e) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- f) A presentaralle á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, antes do 31 de xaneiro de 2021, os datos relativos ás persoas participantes nas accións desenvolvidas segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.



DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, E REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos personais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), a entidade Ecos do Sur en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións



vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade a, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de





xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Consellería de Emprego e Igualdade: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Por Ecos do Sur, a súa representante/e ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan este convenio.

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE
P.D (D. A. 2ª Decreto 130/2020, do 17/9/20)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

A REPRESENTANTE DE ECOS DO SUR

Susana López Abella

María Lareo Fernández

